

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Á
ACTIVIDADE LECTIVA
SEMIPRESENCIAL E A DISTANCIA**

**DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA
IES LUCUS AUGUSTI**

CURSO 2021-2022

1.- Actividade lectiva semipresencial	3
1.1.- Secuencia-temporalización	3
1.2.- Estándares de aprendizaxe	3
1.3.- Metodoloxía	4
1.3.1.- Materiais e recursos	4
1.4.- Avaliación	5
1.4.1.- Criterios de cualificación	5
1.5.- Atención á diversidade	5
1.6.- Actividades complementarias-extraescolares	5
2.- Actividade lectiva a distancia	6
2.1.- Secuencia-temporalización	6
2.2.- Estándares de aprendizaxe	6
2.3.- Metodoloxía	6
2.3.1.- Materiais e recursos	8
2.4.- Avaliación	8
2.4.1.- Criterios de cualificación	9
2.5.- Atención á diversidade	10
2.6.- Actividades complementarias-extraescolares	10

1.- ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL

Dada a situación sanitaria actual derivada da pandemia por COVID-19, contéplase a posibilidade de ter que impartir a actividade lectiva en réxime semipresencial nos seguintes casos:

- Cando o/a docente teña que facer corentena por ser contacto dun positivo.
- Cun alumno ou alumna concreta cando esta teña que gardar corentena por dar positivo ou ser contacto dun positivo.
- Con parte dun grupo ou coa súa totalidade por terse detectado un positivo na aula.
- No caso de regreso ás aulas despois dun período de suspensión da actividade lectiva presencial no centro, se fose preciso combinar ensino presencial e semipresencial.

Posto que en calquera dos supostos cabe esperar que sexa por un período de tempo reducido, preténdese modificar pouco os contidos a abordar, así como a súa secuencia e a temporalización e a avaliación, introducindo as maiores modificacións con respecto á Programación Didáctica do Departamento na metodoloxía e atención á diversidade.

1.1.- Secuencia-Temporalización

Seguirase a secuenciación-temporalización de contidos recollida na programación do departamento, se ben se chegado o momento por algunha circunstancia se vise máis idóneo desde o punto de vista pedagóxico facer algunha alteración contemplaríase esta posibilidade.

1.2.- Estándares de aprendizaxe

Seguiranse os recollidos na programación, aínda que se coincidiran algúns estándares relativos á parte experimental da materia, serán adiados ata poder traballalos en réxime presencial ou, de non poder abordarse desta maneira, serán substituídos por simulacións virtuais.

Tamén se faría algunha modificación na orde dos estándares de aprendizaxe se polo nivel de dificultade dalgún deles se considerara máis doada a súa asimilación en réxime presencial.

1.3.- Metodoloxía

Subiranse á aula virtual os contidos que se traballen co alumnado que asiste a clase ou aqueles que estaba previsto impartir ao grupo no caso no que estea todo en réxime semipresencial.

Ademais intentarase que o alumnado poida atender ás clases de maneira telemática:

- Se é un alumno ou alumna ou unha parte do alumnado dun grupo, por conexión a Webex durante as sesións de clase do grupo.
- Se fora todo o grupo, as clases impartiríanse por videoconferencia a través de Webex no horario de clase do grupo.

Ofreceríase, ademais, a posibilidade de facer consultas a través de Webex ou correo electrónico, fixando un horario para darlles resposta, que será establecido polo/a docente e dado a coñecer ao alumnado nese momento.

1.3.1.- Materiais e recursos

- Enderezo electrónico do alumnado e profesorado e plataforma Webex Meetings
- Aula virtual
- Plataforma EVA (E-Dixgal) na ESO
- Unidades Didácticas elaboradas polo/a docente que imparte a materia
- Información de diferentes libros facilitada polo/a docente
- Lecturas de divulgación científica
- Boletíns de problemas e exercicios, así como as súas solucións
- Vídeos publicados na rede e/ou vídeos con explicacións elaborados pola docente
- Simulacións virtuais de prácticas de laboratorio

- Páxinas web con actividades interactivas
- Ordenadores e conexión a Internet de profesorado e alumnado

1.4.- Avaliación

Evitarase, na medida do posible, facer exames durante a etapa semipresencial, priorizando, sempre que as condicións sanitarias o permitan, a realización de probas escritas presenciais. No caso de ter que facer probas telemáticas, aplicaranse as normas establecidas no apartado de *docencia a distancia* (apartado 2 deste documento). Contéplase a posibilidade de que as probas sexan orais.

1.4.1.- Criterios de cualificación

Como norma xeral, aplicaranse os recollidos na Programación do departamento.

1.5.- Atención á diversidade

Prestarase especial atención a aquel alumnado que ten dificultades de aprendizaxe.

Por outra banda, faráselle chegar en formato impreso (de non haber outra opción) ou gravado nunha memoria a documentación necesaria (contidos, actividades...) a aquel alumnado que non ten ordenador e/ou conectividade. Xunto co titor/a e o Departamento de Orientación buscarase a mellor forma para facer a entrega e recollida do material.

1.6.- Actividades complementarias-extraescolares

Non serán levadas a cabo durante a etapa semipresencial.

2.- ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA

A continuación recóllense algúns aspectos ou modificacións da programación para implementar no caso de que houberse que ir a unha situación de docencia a distancia.

2.1.- Secuencia-Temporalización

Na medida do posible, seguirase a secuenciación-temporalización de contidos recollida na programación do departamento. Se chegado o momento por algunha circunstancia se vise máis idóneo desde o punto de vista pedagógico facer algunha alteración contemplárase esta posibilidade.

2.2.- Estándares de aprendizaxe

Traballaranse os estándares do currículo recollidos na programación cun grao de consecución superior ao 60%. Se durante o período de suspensión da actividade presencial coincidira traballar algúns estándares, ou parte destes, relativos á parte experimental da materia, serán adiados ata poder traballalos en réxime presencial, impartíndose unicamente a parte do estándar que non ten carácter experimental. Se non se chegara a poder traballalos de maneira presencial, serían substituídos por simulacións virtuais.

2.3.- Metodoloxía

Diaria ou semanalmente, a criterio do/a docente, farase a planificación do traballo que o alumnado debería facer nas sesións asignadas á materia. Para iso:

- Enviaráselle por correo electrónico a todo o alumnado e/ou subiranse á aula virtual as indicacións e a proposta de traballo que se aconsella seguir, así como as indicacións de tarefas que deben entregar, no caso de que se establezan.
- A través da aula virtual, facilitaráselle ao alumnado os contidos necesarios para traballar a materia programada, así como os boletíns cos exercicios de repaso e de ampliación.

- Sempre que sexa posible impartirase as sesións de clase a través da plataforma Cisco Webex. Estas sesións estableceranse como norma xeral no horario habitual de clase, agás acordos puntuais entre o grupo e o/a profesor/a da materia que non interfiran no horario doutras materias. Se algún/ha alumno/a non puidera conectarse por dificultades coa conexión, aclararáselle as dúbidas a través do correo electrónico. **Nas clase *online*, vía Webex, o alumnado ten que conectar a cámara.**
- Ao final da semana, sempre e cando non se resolveran durante as clases telemáticas, subiranse á aula virtual os exercicios resoltos para que o alumnado poida auto-corraxilos e enviar un correo ao profesor ou profesora coas dúbidas, no caso de telas.
- Darase resposta individual ás dúbidas que cheguen a través do correo.
- No caso de que se propuxeran tarefas de recuperación de partes suspensas durante a actividade presencial ou semipresencial, enviaráselle a cada alumno/a un informe individual coas correccións e comentarios aos exercicios entregados. Se o volume de traballo non o permitira, daráselle a posibilidade de auto-corraxilas e de atender individualmente ás dúbidas que houbera por correo electrónico ou, se fora preciso, por videoconferencia.
Cando se propoñan tarefas de ampliación serán comentadas con carácter xeral ou individual, se se considera necesario, ou daráselles a posibilidade de autocorraxilas.
- **Sempre que se establezan tarefas ou traballos para realizar durante a actividade semipresencial ou a distancia atenderase ás seguintes consideracións:**
 - ☛ Teranse que presentar nun prazo de entrega fixado con data e hora. Fóra deste prazo non serán admitidos e, no caso de que o alumnado teña algún problema para enviar ou para cumprir co prazo, deberase poñer en contacto co/a docente o antes posible ou xustificar a imposibilidade de non poder cumprilo.
 - ☛ Os traballos ou exercicios teñen que mandarse ao enderezo electrónico concreto indicado polo profesor ou profesora, non servindo ningunha outra conta de correo.

- ☛ Sobre os traballos ou exercicios presentados telematicamente pódeseles pedir aclaracións ao alumnado vía Webex, coa fin de que explique oralmente os puntos que se precisen aclarar.

2.3.1.- Materiais e recursos

- Enderezo electrónico do alumnado e profesorado e plataforma Webex Meetings
- Aula virtual
- Plataforma EVA (E-Dixgal) en 2º da ESO
- Unidades Didácticas elaboradas polo/a docente que imparte a materia
- Información de diferentes libros facilitada polo/a docente
- Lecturas de divulgación científica
- Boletíns de problemas e exercicios, así como as súas solucións
- Vídeos publicados na rede e vídeos con explicacións elaborados polo/a docente
- Simulacións virtuais de prácticas de laboratorio
- Páxinas Web con actividades interactivas
- Ordenadores e conexión a Internet de profesorado e alumnado

2.4.- Avaliación

Evitarase, na medida do posible, facer exames durante a actividade a distancia, dándolle prioridade, sempre que as condicións sanitarias o permitan, a realización de probas escritas presenciais. No caso de ter que facer probas telemáticas, aplicaranse as seguintes normas:

- 1.- Realizaranse a través da Aula virtual do centro e/ou da plataforma Cisco Webex.
- 2.- **O alumnado que se está examinando terá que estar completamente só.** Antes de empezar o exame o profesor ou profesora faralle chegar as normas que van rexer o proceso. O/a docente pódelle pedir que mostre que está só na habitación, non podendo abandonar o espazo no que se está

- facendo a proba durante o tempo que dure esta. Para garantir este punto, o docente pode pedir que estea conectada a cámara do ordenador, *webcam* ou dispositivo similar, así como micrófono mentres dure a proba.
- 3.- O exame será gravado para unha maior garantía do proceso para ambas partes.
 - 4.- Rematada a proba o alumnado terá que mostrar á cámara o exame e mandar unha imaxe do mesmo vía telemática.
 - 5.- No caso de resolución de problemas, será preciso que envíe foto ou imaxe *escaneada* da resolución dos mesmos, aínda cando se lle pedira que asentara na aula virtual os resultados acadados. Estas fotos terán que ser enviadas nos 5 minutos seguintes á realización da proba, antes da desconexión da mesma, recibindo entón por parte do/a docente xustificante de recepción. Non se admitirá ningún documento que chegue unha vez transcorrido este tempo, a non ser que haxa unha causa xustificada que o impossibilitara e se poda verificar que a proba foi desenvolvida polo/a alumno/a.
 - 6.- O/a docente pode pedirlle ao alumnado que presente os traballos escritos a man.
 - 7.- No suposto dunha situación de docencia non presencial, o/a docente da materia establecerá un horario de clases, atención e resolución de dúbidas, similar ó que faría nunha situación de docencia presencial.
 - 8.- Se un alumno ou alumna non puidera facer un exame *online* por circunstancias xustificadas, fará a proba o primeiro día de incorporación ás aulas, podendo neste caso ser substituído o exame escrito por unha proba oral.
 - 9.- Copiar nunha proba ou calquera intento de fraude na mesma suporá a non corrección e cualificación da proba que se está a realizar. Se logo da corrección dunha proba houberse sospeitas fundamentadas de fraude polo emprego de dispositivos electrónicos non detectables, o/a docente poderá requirir por parte do alumno ou alumna a ratificación de coñecementos a través de proba oral.

2.4.1.- Criterios de cualificación

Polo que respecta aos criterios de cualificación, como norma xeral serán de aplicación os establecidos na programación didáctica do departamento. Se fora preciso, polas circunstancias que se dean no momento, facer algunha modificación (porque se prolongue moito este período...), o alumnado sería avisado con antelación suficiente, logo de xustificar a necesidade da mesma.

2.5.- Atención á diversidade

Prestarase especial atención a aquel alumnado que ten dificultades de aprendizaxe. Por outra banda, faráselle chegar a documentación en formato impreso ou gravado nunha memoria, a aquel alumnado que non ten ordenador e/ou conectividade, se fora o caso, garantindo o acceso de todos os alumnos e alumnas dos diferentes grupos e materias aos materiais de traballo. Para iso buscarase a colaboración do Departamento de Orientación e do titor ou titora do grupo coa fin de atopar a mellor forma de entrega e recollida do mesmo.

2.6.- Actividades complementarias-extraescolares

Non serán levadas a cabo durante a etapa de docencia a distancia sempre que esta comprenda un período breve de tempo. No caso de prolongarse, podería propoñerse a realización dalgunha actividade (charla, obradoiro...) vía telemática.